

Estimadas familias:

Os seus fillos e fillas forman parte dunha xeración que crece nun mundo conectado e rodeados de tablets e ordenadores. A educación non pode ser allea a un mundo cada vez máis dixital. Por iso, desde a colexio puxemos en marcha a aula virtual do centro para proporcionarlle ao alumnado os recursos educativos dixitais para que o ensino se axuste á realidade social na que viven as actuais xeracións.

Para acceder á aula virtual terían que facelo desde un pc ou portátil e poñer no navegador o nome do centro: "CEIP Otero Pedrayo Vigo". Unha vez dentro, poden premer no bloque da dereita onde aparece "Aula Virtual".



O enderezo web é: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippedraiovigo/aulavirtual/>

Seguidamente, poden seguir estes pasos para darse de alta:

- 1- Buscar na marxe superior dereita da Aula virtual esta mensaxe "Vostede non se identificou. (Acceder)"
- 2- Premer en ACCEDER.
- 3- Na sección onde pon ACCEDER, na caixa de NOME DE USUARIO escriben o nome de usuario do alumno ou alumna.

O usuario de cada alumno/a é o seu nome e apelidos en minúscula, sen acentos e sen til, polo que se os datos teñen "Ñ" hai que cambiar o "Ñ" por un "n". O nome ou nomes, en caso de compostos, estarán separados dos apelidos por un punto (.)

É dicir: nomes separados por puntos, apelidos todos xuntos seguidos.

Exemplos (Aclaración: As combinacións de nome e apelidos que se usan para este exemplo, non son de alumnado real, son exemplos)

NOME E APELIDOS SIMPLES: Ana López Iglesias sería **ana.lopeziglesias**

NOME COMPOSTO: Ana María López Iglesias sería ana.maria.lopeziglesias; María del Carmen López Iglesias sería maria.del.carmen.lopeziglesias

APELIDO COMPOSTO: Ana López de la Iglesia sería ana.lopezdelaiglesia; Breixo Núñez da Costa sería breixo.nunezdacosta

NOME OU APELIDO CON "Ñ": Ana López Vilariño sería ana.lopezvilarino.

4- Despois de escribir o nome de usuario, é necesario poñer o contrasinal. O primeiro contrasinal por defecto é "**changeme**". Despois de escribilo na caixa correspondente, premen no botón de ACCESO.

IMPORTANTE: Unha vez dentro, a plataforma obriga a cambialo por un contrasinal que só sexa coñecido pola familia e polo estudante. Poden apuntalo para non perdelo.

Se tiveran algunha dúbida ou consulta poden poñerse en contacto co centro a través do teléfono ou ben escribindo un correo a ceip.pedraio.vigo@edu.xunta.gal

Reciban un cordial saúdo

O profesorado do CEIP Otero Pedrayo